

Suxestión dirixida ao Concello de Valga para que, dentro da súa capacidade organizativa, avalíe a aprobación dun regulamento municipal de comunicación institucional e do uso dos perfís institucionais do concello nas redes sociais atendendo aos criterios de pluralidade e neutralidade política de acordo co disposto na lexislación vixente.

Expediente: N.9.Q/4186/23

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2023

Sr. alcalde:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención XXX na súa condición de Concelleira do Grupo XXX Municipal da Corporación Municipal de Valga.

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos que:

“1.- O goberno local de Valga vén empregando os medios públicos de información dun xeito partidista e fraudulento, non respectando a independencia dos mesmos. Nas últimas semanas isto acentuouse publicando descaradamente noticias e valoracións internas do Partido XXX nos medios de comunicación públicos e institucionais.

2.- Nas últimas semanas foron varias as publicacións de parte que foron publicadas na web oficial do Concello de Valga, nas redes sociais como o Facebook. Ademais de publicar informacións de parte, estas publicacións son aproveitadas para proferir insultos e ataques persoais ós diferentes portavoces dos partidos políticos que conformamos parte da Corporación Municipal. (..)”

Ante iso requirimos informe ao concello de Valga, que nolo remitiu co seguinte contido:

“PRIMEIRO.- A señora XXX e outros concelleiros de Valga denunciaron ante distintas institucións, tanto xudiciais como administrativas, supostas irregularidades cometidas polo alcalde e concelleiros do goberno municipal, precisamente na súa condición de alcalde e membros do goberno. En ningún caso as denuncias se referían a acción realizadas na súa condición de representantes ou membros de ningún partido político. Ademais, tamén debe

terse en conta que a denuncia se refería tamén a percepcións salariais de dous funcionarios públicos. Polo tanto, tendo en conta ambas circunstancias, a denuncia e accións derivadas da mesma afectan directamente ao Concello de Valga.

SEGUNDO.- As publicacións ás que se refire a Sra. XXX na súa queixa son as seguintes:

-"O ALCALDE LEMBRA QUE VARIAS SENTENZAS XUDICIAIS DESMINTEN AS SUPOSTAS IRREGULARIDADES RECOLLIDAS NO INFORME DO CONSELLO DE CONTAS", do día 31 de marzo de 2023. Nela en ningún caso se profiren nin insultos nin ataques persoais a ningún partido político, senón que se informa sobre diferentes resolucións xudiciais favorables ao Concello e derivadas de denuncias presentadas tanto pola señora XXX coma por outros concelleiros da Corporación.

-"O TRIBUNAL DE CUENTAS DO ESTADO TUMBA O INFORME DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA E AVALA AO GOBERNO LOCAL", do día 11 de abril de 2023. Neste caso a nova refírese a unha resolución do Tribunal de Cuentas, explicándose o seu contido e as conclusións ás que chegaron tanto o Tribunal coma o Fiscal en relación ao cobro de dietas por parte do secretario e o interventor municipais, dous funcionarios deste Concello. De novo debe dicirse que en ningún caso se inclúen insultos a ningún concelleiro nin portavoz de ningún partido. As alusións que se fan refírense ás denuncias que presentaron ante o Consello de Contas, o Parlamento de Galicia e o xulgado de Caldas.

TERCEIRO.- As noticias publicadas en ningún caso se refiren a "cuestións internas do Partido XXX" nin a cuestións "non institucionais", como asegura a señora XXX na súa queixa, senón que se refiren a cuestións que afectan ao Concello de Valga como institución, ao seu alcalde e goberno municipal (con independencia do partido ao que representen) e a funcionarios do Concello de Valga.

CUARTO.- Entendemos, polo tanto, que non procede a queixa da señora XXX nin ningunha das medidas que solicita posto que non se levou a cabo ningunha práctica partidista."

A interesada remitiu información complementaria achegando copia dunha carta remitida aos veciños e veciñas do municipio despois de celebradas as eleccións municipais. A carta, asinada polo alcalde, foi remitida en papel e sobre do Concello de Valga e nela se indica, entre outras: "(..) unha vez máis o apoio á nosa candidatura foi moi maioritario entre os valgueses e valguesas (..)" "(..) en nome do noso grupo quero agradecer o respaldo que nos vides ofrecendo dende hai 32 anos (..)".

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRA. O artigo 23 da Constitución española recoñece como dereito fundamental da cidadanía o de participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal así como o dereito para acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, cos requisitos que sinalen as leis, mantendo a relación entre o dereito de participación política dos cargos públicos representativos, e o dereito da cidadanía de participar nos asuntos públicos.

Así, segundo as propias sentenzas do TC, serían fundamentalmente os representantes políticos da cidadanía, tanto os que gobernan como os que están na oposición, quen dan efectividade ao seu dereito para participar nos asuntos públicos.

SEGUNDA. O artigo 70.bis.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local establece que:

“Así mesmo as Entidades Locais e, especialmente, os concellos, deberán impulsar a utilización interactiva das tecnoloxías da información e a comunicación para facilitar a participación e a comunicación coa veciñanza, para a presentación de documentos e para a realización de trámites administrativos, de enquisas e, no seu caso, de consultas cidadáns.”

Polo tanto, os medios municipais dixitais, como a páxina web, son ferramentas de información e participación cidadá así como facilitadoras da tramitación administrativa. Os medios dixitais configúranse como unha nova canle de proximidade, de información redundar na mellora dos servizos públicos.

Por elo, o seu uso debe seguir os mesmos criterios de pluralidade e neutralidade política recollidos na Lei 29/2005, do 29 de decembro, de Publicidade e Comunicación Institucional. Na propia exposición de motivos da mesma insístese, literalmente en que *“a dualidade entre a natureza política e executiva da acción governamental debe manterse en esferas comunicativas separadas”* e que debe ser un principio fundamental do goberno *“desligar a opinión política da información veraz e neutral sobre as súas políticas públicas”* aínda que o propio goberno sexa *“suxeito e obxecto de información e valoración política”*.

TERCEIRA. O artigo 4.2 da Lei 29/2005, do 29 de decembro, de Publicidade e Comunicación Institucional dispón que *"As mensaxes ou a presentación das campañas institucionais de publicidade e de comunicación non poderán inducir a confusión cos símbolos, ideas, expresións, deseños ou imaxes empregadas por calquera formación política ou organización social."*

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese concello a seguinte **suxestión**:

Dentro da súa capacidade organizativa avaliar a aprobación dun regulamento municipal de comunicación institucional e do uso dos perfís institucionais do Concello nas redes sociais atendendo aos criterios de pluralidade e neutralidade política de acordo co disposto na lexislación vixente

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2, dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo